APROBADA EN SESIÓN DE 18/11/2022

# ACTA DA MESA XERAL DE CONTRATACIÓN

Na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 10:40 horas do día **15 de novembro do ano 2022**, previa convocatoria con especificación dos asuntos a tratar, publicada no perfil de contratante deste concello, reúnese a Mesa Xeral de Contratación constituída con carácter permanente por acordo plenario do 29 de xuño de 2015, cuxa composición foi modificada por acordos do Pleno adoptados en sesións de 22 de febreiro de 2018 e de 15 de xuño de 2020.

Asistentes:

- Preside a sesión D. Roberto Babío Fernández, xefe de servizo de economía e facenda
- D. Francisco Javier Varela Tejedor, secretario xeral, vocal.
- Dna. Sonia Corral Corral, interventora municipal, vocal.
- Dna. Karina Paula Diaz Arluna, técnico municipal, vocal.
- Dna. María del Carmen Martínez Mosquera, secretaria da mesa de contratación.

C.I.F. P-1503100-H

Polo Presidente dáse inicio á sesión pasando a examinar os asuntos incluídos na orde do día:

1. Aprobación de acta. Aprobación de acta 27/10/2022, expte. UCP/2022/103
2. Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/98 para adxudicar contrato de "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira"
3. Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores 2. no procedemento con número de expediente UCP/2022/98 para adxudicar contrato de "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira"
4. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores 2. no procedemento con número de expediente UCP/2022/98 para adxudicar contrato de "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira"
5. Apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85 para adxudicar o contrato de Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023
6. Apertura criterios baseados en xuizos de valor correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85 para adxudicar o contrato de Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023, lote 1
7. Apertura criterios baseados en xuizos de valor correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85 para adxudicar o contrato de Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023, lote 2

**1.- Aprobación de acta. Aprobación de acta 27/10/2022, expte. UCP/2022/103**

Con carácter previo, o Presidente da conta da proposta de **corrección de erros** na **acta** da sesión da mesa xeral de contratación celebrada el **16 de setembro de 2022**, en concreto no punto 5 relativo á apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedimento con número de



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es
*Documento asinado electrónicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*

expediente UCP/2022/88 para adxudicar o contrato de "Aluguer de elementos decorativos de nadal 2022-2023". A continuación transcríbese a proposta:

A acta da sesión da mesa xeral de contratación celebrada o de 16 septiembre de 2022 aprobouse en sesión de 7 de outubro de 2022.

Con posterioridade, detectouse un erro no punto 5 da orde do día da devandita sesión correspondente ao acto apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedimento con número de expediente UCP/2022/88 para adxudicar o contrato de "Aluguer de elementos decorativos de nadal 2022-2023".

Neste punto recóllese erroneamente que "*declarouse a tramitación urxente*", cando na Resolución núm. 1533/2022, de aprobación do expediente de contratación, non se declarara a urxencia na tramitación.

CULLEREDO CONCELLO
(R.E.L. 01150315)

| Código do documento | Código do expediente |
|---|---|
| UCP16I015H | UCP/2022/88 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| 0G1H 076O 6020 550H 0PO6 | |

Libro de Resolucións
Número : 1533
Ano : 2022

RBF

**RESOLUCIÓN**

O expediente para a contratación do aluguer e instalación da iluminación decorativa do Nadal 2022/2023 iniciouse mediante orde da sra. concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica.

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adiante, LCSP) a adxudicación realizarase empregando o procedemento aberto.

Vistos os antecedentes que constan no expediente e os informes que emitiu a secretaria xeral sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e sobre o expediente e a fiscalización deste pola Intervención Municipal

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación do aluguer e instalación da iluminación decorativa do Nadal 2022/2023, de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Segundo.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento de adxudicación o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 131.2 LCSP, entre os que se da preponderancia a aqueles que fan referencia a características do obxecto do contrato que poden avaliarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Cuarto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 59.940,00€ coa seguinte distribución en anualidades: (1.000,00€ con cargo á partida 433-20300 do orzamento en vigor (RC número de operación 220220005281 e referencia 22022001267) e 58.940,00€ con cargo á anualidade 2022 (RC número de operación 220229000008).

Culleredo, a data da sinatura dixital

Polo tanto é necesario correxir a acta, suprimindo á mención errónea á declaración de tramitación urxente do expediente. Así, onde di:

*"O Sr. Presidente pon en coñecemento dos asistentes que mediante Resolución da concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica núm. 1533/2022, de data 19/08/2022, aprobouse o expediente de contratación do subministro denominado "aluguer de elementos decorativos de Nadal 2022-2023", estableceuse como procedemento de licitación o aberto con multiplicidade de criterios, dispúxose a apertura do procedemento de licitación e a publicación do correspondente anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público, declarouse a* ***tramitación urxente*** *e aprobouse o correspondente gasto."*

debe dicir:

*"O Sr. Presidente pon en coñecemento dos asistentes que mediante Resolución da concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica núm. 1533/2022, de data 19/08/2022, aprobouse o expediente de contratación do subministro denominado "aluguer de elementos decorativos de Nadal 2022-2023", estableceuse como procedemento de licitación o aberto con multiplicidade de criterios, dispúxose a apertura do procedemento de licitación e a publicación do correspondente anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público e aprobouse o correspondente gasto."*



C.I.F. P-1503100-H

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

*Documento asinado electrónicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*

Polos membros presentes e asistentes á citada sesión, apróbase a devandita corrección de erros.

Unha vez tratado o anterior, vista a **acta da sesión celebrada o día 27/10/2022** apróbase polos membros presentes e asistentes á citada sesión.

**2.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/98 para adxudicar o contrato de "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira"**

O Presidente pon en coñecemento dos asistentes que mediante Resolución da concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica núm. 1915/2022 de data 24/10/2022, aprobouse o expediente de contratación da obra denominada "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira", estableceuse como procedemento de licitación o aberto simplificado, dispúxose a apertura do procedemento de licitación e a publicación do correspondente anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público, e aprobouse o gasto.

O 25/10/2022 publicouse anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, sendo a data limite de presentación de ofertas ata as 23:59 horas do día 14/11/2022.

Durante o prazo de presentación de ofertas, presentaron proposición os seguintes licitadores:

| LICITADOR | CIF |
|---|---|
| LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., | A70124201 |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | B15289614 |
| CANARGA, S.L | B15360902 |
| IAM Rumbo Instalaciones y Obras S.L | B15448004 |
| JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L. | B70123005 |

Seguidamente, en acto público procédese ao descifrado e apertura dos sobres únicos, denominados arquivo o sobre electrónico C "Oferta económica e referencia valorables automaticamente", transcribíndose a continuación as ofertas:

| LICITADOR | Presuposto de licitación: 224.606,28 € (sen IVE) Oferta |
|---|---|
| LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A., | 214.499,00 € |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | 223.483,00 € |
| CANARGA, S.L | 192.823,97 € |
| IAM Rumbo Instalaciones y Obras S.L | 210.411,16 € |
| JSTOP OBRAS Y SERVICIOS S.L. | 221.333,00 € |

Analizada a documentación determínase que as ofertas presentadas cumpren as condicións establecidas no PCAP, polo que son admitidas á licitación.


*Documento asinado electrónicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*

**3. Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/98 para adxudicar contrato de "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira"**

En primeiro lugar, compróbase se algunha das ofertas está incursa en presunción de conter valores anormais ou desproporcionados, de acordo cos critieriores establecidos na cláusula 15.4 PCAP.

A cláusula 15.4.2 PCAP establece que cando se presenta 4 ou máis ofertas, resultan con valores anormalmente baixos se son inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 1% desta media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a ese media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contís é inferior a 3, o novo promedio calcularase sobre as tres ofertas de menor cuantía.

Efectuados os cálculos, resulta que están incursas en presunción de conter valores anormalmente baixos a oferta presentada por:

- CANARGA SL

Visto o resultado a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos asistentes, declara a referida oferta incursas en presunción de conter valores anormalmente baixos, polo que se acorda requirir ao licitador CANARGA SL para que no prazo de CINCO DÍAS, a partir da recepción da notificación, xustifiquen as súas ofertas segundo o disposto na cláusula 15.4.3 do PCAP.

A documentación achegada como xustificación será remitida a informe técnico, sendo os criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta os establecidos no PCAP.

C.I.F. P-1503100-H

**4. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores 2. no procedemento con número de expediente UCP/2022/98 para adxudicar contrato de "Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira"**

O acto non se celebra entanto non se aporte a documentación requirida

**5. Apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85 para adxudicar o contrato de Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023.**

O Presidente pon en coñecemento dos asistentes que mediante Resolución da concelleira delegada da área de urbanismo e da área de facenda, patrimonio e administración electrónica núm. 2001/2022 de data 28/10/2022, aprobouse o expediente de contratación do servizo denominado "**Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023**", estableceuse como procedemento de licitación o aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, dispúxose a apertura do procedemento de licitación e a publicación do correspondente anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público, e aprobouse o gasto.

O 28/10/2022 publicouse anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, sendo a data limite de presentación de ofertas ata as 23:59 horas do día 14/11/2022.

Durante o prazo de presentación de ofertas, presentaron proposición os seguintes licitadores

| LICITADOR | CIF | Lote 1 | Lote 2 |
|---|---|---|---|



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es
*Documento asinado electrónicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*

| | | | |
|---|---|---|---|
| A BILLARDA SL | B27278845 | X | X |
| ESPROADE SL | B15664816 | X | X |
| ILITIA MEDITERRANEA SL | B54485156 | non | X |
| SERVIPLUSTOTAL SL | B70019294 | X | X |

Seguidamente procédese ao descifrado dos sobres que conteñen a documentación administrativa.

Analizada a documentación determínase que as ofertas presentadas cumpren as condicións establecidas no PCAP polo que son admitidas á licitación.

**6. Apertura criterios baseados en xuizos de valor correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85 para adxudicar o contrato de Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023, lote 1**

Procédese a continuación ao descifrado e apertura dos sobres B, que conteñen a documentación técnica dos licitadores admitidos ao procedemento.

Faise constar que a proposta técnica presentada por A BILLARDA SL, figura co nome comercial de Vitae.

Polo Sr Presidente indícase que a documentación técnica queda a disposición dos membros da Mesa de Contratación no expediente UCP/2022/85 do aplicativo de xestión de expedientes e no perfil de contratante ubicado na plataforma de contratación do sector público, para o seu estudio e valoración. Asi mesmo acórdase a remisión da documentación ao servizo propoñente da contratación, para que os técnicos emitan informe de valoración.

C.I.F. P-1503100-H

**7.- Apertura criterios baseados en xuizos de valor correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2022/85 para adxudicar o contrato de Escuelas municipales culturales y deportivas 2022-2023, lote 2**

Procédese a continuación ao descifrado e apertura dos sobres B, que conteñen a documentación técnica dos licitadores admitidos ao procedemento.

Faise constar que a proposta técnica presentada por A BILLARDA SL, figura co nome comercial de Vitae.

Polo Sr Presidente indícase que a documentación técnica queda a disposición dos membros da Mesa de Contratación no expediente UCP/2022/85 do aplicativo de xestión de expedientes e no perfil de contratante ubicado na plataforma de contratación do sector público, para o seu estudio e valoración. Asi mesmo acórdase a remisión da documentación ao servizo propoñente da contratación, para que os técnicos emitan informe de valoración.

Dase por finalizado o acto, sendo as 11:23 horas, e redactándose a presente acta, que asina comigo o Presidente, e da que, como secretaria da Mesa de Contratación, dou fe.

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

BABÍO FERNÁNDEZ, ROBERTO
Presidente da Mesa de Contratación
18/11/2022 13:36

MARTINEZ MOSQUERA, MARIA CARMEN
Secretaria da Mesa de Contratación
22/11/2022 11:20




*Documento asinado electrónicamente. No apartado Utilidades da sede electrónica https://sedeelectronica.culleredo.es pode consultar a súa integridade e a validez da firma a través do código de verificación (COVE) da copia impresa que obra no seu poder*